CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ACTA Nº 2022/9

SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN - CASA DO CONCELLO, martes 4 de outubro de 2022 -

No día da data, ás 13:03 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:
FRANCISCO XABIER CASTRO TOURÍS

ASISTEN:

PSdeG-PSOE
ANA MUÑIZ ABUÍN
RAMÓN ABUÍN GÓMEZ

BNG
XOÁN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN (incorpórase ás 13:07 horas)

PP
VALENTÍN ALFONSÍN SOMOZA
JOSÉ PABLO CARBAJAL IGLESIAS
SERGIO JOSÉ BOGA GÓMEZ

Unidade Veciñal de Dodro
XOÁN XOSÉ VICENTE FRANCO
ABEL TARRÍO ABUÍN

AUSENCIAS:
PP
ADRIANA SÓÑORA BUSTELO
M. SOLEDAD BOGA GRELA (xustificada)

SECRETARIA-INTERVENTORA:
SANDRA MARÍA GARCÍA CHENLO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1. PARTICIPAR NA 2ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE

CVD: fvHf2nBYRlBVcuYSjYuz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

CONCELLOS) POS ADICIONAL 2/2022 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

PROPOSTAS ORDINARIAS

1. PARTICIPAR NA 2ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS ADICIONAL 2/2022 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Logo de ver a proposta de acordo, que se transcribe literalmente a seguir:

"EXPEDIENTE: 2022/A008/000036
ASUNTO: PARTICIPAR NA 2ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS ADICIONAL 2/2022" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
TRÁMITE: PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/05/2022, acordou a aprobación da modificación das bases reguladoras do *Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 2/2022" da Deputación Provincial da Coruña*, para o financiamento de gastos correntes do exercicio 2022, investimentos financeiramente sostibles e revisión excepcional de prezos nos contratos públicos de obras municipais, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincial número 102, do 31/05/2022

A cantidade que lle corresponde ao Concello de Dodro no POS+ ADICIONAL 2/2022 polo reparto da maior achega provincial por importe de 42.000.000,00 é de 197.512,06 €.

Logo de ver que a Alcaldía deste concello, no día 28/06/2022 acordou participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2022" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022, tal e como se indica a continuación:

Investimentos financeiramente sostibles incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
MELLORA DE RUEIROS DO NÚCLEO DE MANSELLE	61.081,77	-	-	-	61.081,77
MELLORA DE RUEIROS EN TEAIO E OUTROS	58.599,94	-	-	-	58.599,94

CVD: fvHf2nBYRlBVcuYSjYuz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

TOTAL	119.681,71	-	-	-	119.681,71

Esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno os seguintes acordos:
Primeiro.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **"POS+ ADICIONAL 2/2022"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022	_

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
_	_	_	_	_	_
TOTAL	_	_	_	_	_

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO EN CANCELA ABREA	28.048,07	2.150,30	-	2.150,30	30.198,37
MELLORA ACCESO RIAL DE LAGOA E OUTRO	49.782,28	2.150,30	-	2.150,30	51.932,58
TOTAL	77.830,35	4.300,60	-	4.300,60	82.130,95

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e que se relacionan nesta táboa.

C) Financiamento da revisión excepcional de prezos:

Revisión excepcional de prezos	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais	_

D) Resumo de financiamento:

CVD: fvHf2nBYRlBVcuYSjYuz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

		Concello			
POS+ ADICIONAL 2/2022	**Deputación**	**Concello**	**IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)**	**Total concello**	**Orzamento Total**
Gastos correntes servizos obrigatorios	–	–	–	–	–
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	–	–	–	–	–
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	77.830,35	4.300,60	–	4.300,60	82.130,95
Revisión excepcional de prezos obras municipais	–	–	–	–	–
TOTAL	77.830,35	4.300,60	–	4.300,60	82.130,95

Segundo.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Terceiro.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.

Cuarto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

Quinto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sexto.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Sétimo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Documento asinado electronicamente
O alcalde

CVD: fvHf2nBYRlBVcuYSjYuz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Francisco Xabier Castro Tourís."

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Bos días a todos, empezamos co pleno extraordinario que estaba previsto para as 13:00, son as 13:03, desculpade a parte que me toca de retraso, co seguinte punto da orde do día, participar na segunda fase do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan Único de Concellos Pos adicional 2/2022 da Deputación Provincial da Coruña.*
A información estivo a disposición de todos os voceiros; vou darlle un turno a cada portavoz, antes de proceder a votar as obras que se traen. Portavoz do partido popular, por favor"

Valentín Alfonsín, voceiro do PP: *" Si, ola, bos días a todos. Son as obras que decidiu o grupo de goberno, cando menos pois, rectifican o que é o saneamento de Cancela Abrea, e agora si, polo visto se deron conta, de que se pode facer mais con menos, aínda así non entendemos moito o fundamento e o motivo e os obxectivos de adicar tantos recursos para facer o saneamento dunha casa sola, cando hai aldeas con mais poboación que carecen de todo tipo de saneamento.*
Creo que se debían de corrixir algunhas cuestións, no tema de Lestrobe é coñecido por todos que as tuberías onde presentan mais problemas é na aldea de abaixo, non xustamente na zona que se pretende arranxar, en todo caso, son as que vostedes decidiron, vostedes saberán que criterios elixiron para escoller esas obras, pero en todo caso, seguimos pensando que se podía facer bastante mais, cos mesmos cartos, nada mais."

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Moitas grazas, portavoz do partido socialista de Galicia"*

Ramón Abuín, voceiro do PSdeG-PSOE: "*Logo de que este Concello acordara participar no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal do Pos Adicional 2/2022, da Deputación, confirmando os investimentos que tiña incluídos no Plan Complementario, como son a Mellora de rueiros do núcleo de Manselle e a Mellora dos rueiros en Teaio e outros, cun orzamento de 119.681,71€, agora proponse solicitar a aplicación da achega provincial asignada, así como, aprobar os presupostos para as obras de:*
Ampliación do saneamento de Cancela Abrea, cun orzamento de 30.198,37€, e
Mellora de acceso a Rial da Lagoa e outro, que é a pavimentación da aldea de Lestrobe, por un importe de 51.932,58€.
A achega provincial é de 77.830,35€ e a municipal de 4.360,60€ .
Na documentación do expediente constan os informes correspondentes e estas obras solicitadas pola veciñanza, que a consideramos moi necesarias e interesantes.
Son: A ampliación do saneamento na Cancela Abrea, como a continuación cas actuacións realizadas pola parte Sur desta zona, que o partido popular tiña esquecida, e ó se acordou dela, para proxectar nela un polígono industrial ao lado das vivendas e en contra da veciñanza, e a súa inclusión no PXOM, pero a súa forma de gobernar é esa: eu ordeno e mando. Preténdese a ampliación da rede de saneamento pola Norte do lugar coa canalización de 235 metros de

CVD: fvHf2nBYRlBVcuYSjYuz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

tubaxe, a execución de 9 pozos de rexistro e a execución dun cruce con topo da estrada autonómica, así como a reposición e acondicionamento dos camiños afectados.
A mellora do acceso a Rial de Lagoa, lugar entre outros do concello, que o Partido Popular critica nas redes sociais as actuacións deste goberno, a petición dos veciños (vostede non é veciño, xa o sabemos todos, pero dáselle por criticar, pero no participar). Vaise mellorar a capa de rodaxe do viario e un entronque con cinco centímetro de aglomerado en quente, previo bacheo con grava e tratamento asfáltico semiprofundo, así como a sinalización horizontal e liñas de bordo e a apertura de gavias.
Por último, a Pavimentación na aldea de Lestrobe, preténdese a mellora da capa de rodaxe dun viario que dá acceso ao lugar de
sde a estrada xeral, de 220x3,5 metros, así como 200m^2 de abanicos, con cinco centímetros de aglomerado en quente, previo bacheo con grava e tratamento asfáltico, mellora dun treito de 115x1 metro, contiguo ao muro existente e a execución de cuneta transitable. Así como a sinalización horizontal e liñas de bordo, e apertura de gavias e limpeza de salva gavias.
Esta é a proposta que fai o equipo de goberno, que non ten nada que ver co que fai o Partido Popular"."

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Moitas grazas, portavoz de Unidade Veciñal"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si, a Unidade Veciñal vai votar a favor deste Plan de obras complementario e recordarlle soamente unha cousa ao portavoz do Partido Popular:*
Que na Cancela Abrea son beneficiadas cinco vivendas, non sei por que el di que é unha soa pero según vemos aquí nos mapas, son claramente cinco vivendas e posiblemente outras dúas mais que se poidan no futuro beneficiar. Non sei por que di que é para facer unha obra para unha soa vivenda, pero bueno, el saberá"

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Moitas grazas, portavoz do BNG"*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro do BNG: *" Si, moi bos días a todas e a todos. Nos tamén, desde o BNG, vamos a aprobar esta participación no Plan Provincial de cooperación de obras, o Plan Adicional. Parécenos que poderíamos ter mais obras, poderíamos ter tamén mais cartos, pero desde logo son obras que nos entendemos que benefician á cidadanía e, por suposto, non é que beneficien a esta cidadanía que agora mesmo está vivindo, que se vai a beneficiar, se non que tamén no futuro, se vai beneficiar do que aquí agora propoñemos, como*

grupo de goberno. Por todo isto, non temos nada mais que dicir desde o BNG e vamos a apoiar a proposta."

O alcalde, Francisco Xabier Castro: *"Grazas, eu simplemente vou a dicir unha cousa, agradecerlle as intervencións a todos os portavoces e facer miña a... o eslogan que dicía o portavoz do Partido Popular, "facer mais con menos". Realmente este goberno está facendo moito con bastante menos. E dicirlle que*

CVD: fvHf2nBYRlBVcuYSjYuz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

están facendo obras con achega municipal. Estamos solicitando subvencións. Concederon subvencións, a Xunta de Galicia, polo traballo deste goberno. Estamos facendo moito mais con moito menos.
Agradecerlle a súa intención. En todo caso, procedemos á votación do proxecto, do punto único da orde do día."

Procédese á votación.

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 3
0 BNG
3 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras presentes a adopción do dito acordo.

Ás 13:11 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Dodro, documento asinado dixitalmente
A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

CVD: fvHf2nBYRlBVcuYSjYuz
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.